






**AULA DE 3 ANOS: OBSERVACIÓN E REFLEXIÓN SOBRE O CADRO “NENO CON POMBA”.**

	<p>1º peza (lateral).</p> <p>Aparece cor verde e din que é un campo.</p>
	<p>2º peza -3º peza (pés e semicírculo verde).</p> <p>Din que é un coello e unha tartaruga. Que viven no campo. Algún neno di que as tartarugas non viven no campo que viven na auga. Pregunto se a auga pode ser verde e din que non, que é azul sempre. Pregunto de que cor é a auga que sae da billa e, despois de pensar, din que branca.</p>
	<p>4º peza (pelota).</p> <p>Din que é un gorro ou unha pelota. Unha rá. Outros din que non, que non é nin tartaruga nin rá que é un tronco. Pero os troncos son marróns din, “¿sempre?” -pregunto. “¿Non hai troncos verdes?”. Din que non . Pero as follas son verdes din, “¿sempre?” -pregunto. Reflexionan que hai follas marróns, amarelas, vermellas...</p>




5º peza (parte do vestido).

Din que é unha ovella porque ten branco, pero que non corresponden as orellas (eles pensan que os pés son orellas de coello). Que as orellas das ovellas son negras. Pregunto se as ovellas son sempre brancas e din que si.



6º peza (cara do neno). Descubren que é un neno. ¿Un neno ou unha nena? Din que unha nena porque ten vestido. ¿Os nenos non levan vestido? Algúns din que si outros que non. Outros opinan que é un neno porque ten o pelo marrón. ¿As nenas non poden ter o pelo marrón? Din que si. Pregunto como está e din que triste. ¿Por que? Porque non xoga a nada din. Outros din que xoga ao fútbol.



7º peza (pomba).

Un paxaro din, non saben que é unha pomba.